



Concello de Vigo

A Universidade de Vigo e o Concello, a través das súas áreas de normalización lingüística, están a desenvolver un proxecto dirixido á salvagarda da microtoponimia coa recolleita, análise e corrección dos topónimos vigueses, parroquia por parroquia.

O nome dos lugares é un patrimonio de noso que cómpre manter, ou mesmo nalgúns casos recuperar, e valorizar.

A toponimia é o grande libro de nosa historia. A través dos topónimos somos quen de saber sobre a nosa orixe, como foi mudando o noso territorio, que lugares eran abondosos en distintas especies animais e vexetais... De aí a importancia de conservarmos a toponimia, como un legado cultural.


Como se chama ese lugar? vai ser o marco para reflexionarmos sobre a relevancia da microtoponimia, a necesidade de recuperarmos topónimos idos e mantermos os orixinais e propios en momentos coma este, no que a construción de novas áreas industriais, sanitarias, deportivas... pode levar consigo a perda de numerosos nomes de lugar.

Agardamos que estas xornadas dos vindeiros 14 e 15 (martes e mércores) sexan do voso interese e que poidamos compartilas con vós, para entre todas e todos manter ese legado de noso que é a toponimia, cun traballo conxunto entre asociacións veciñais, culturais, comunidades de montes...

Achegámosvos o programa das xornadas.

anl
Área de
Normalización
Lingüística

Universidade de Vigo



Servizo de
**Normalización
Lingüística
Concello de Vigo**

COMO SE CHAMA ESE LUGAR?

XORNADAS DE TOPONIMÍA. VIGO 2010
14, 15 DECEMBRO. CASA GALEGA DA CULTURA



Universidade de Vigo



Servizo de
**Normalización
Lingüística**
Concello de Vigo

PROGRAMA

MARTES 14

17.00 **Inauguración.**

Iolanda Veloso Ríos.

CONCELLEIRA DE XUVENTUDE, IGUALDADE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA.

Xosé-Henrique Costas González.

VICERREITOR DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA. UNIVERSIDADE DE VIGO.

Xosé Lois Méndez Ferrín. Lección inaugural.

PRESIDENTE DA ACADEMIA GALEGA DA LINGUA.

17.45 **O patrimonio toponímico.**

Gonzalo Navaza.

19.00 **Presentación do libro Lavadores.**

19.30 **A recolección microtoponímica de áreas altamente urbanizadas:
o caso das parroquias periurbanas de Vigo.**

Iván Sestai Martínez.

MÉRCORES 15

17.00 **Talasonimia. Os nomes do mar galego.**

Xosé Lois Vilar Pedreira.

18.15 **Presentación do proxecto MEU! Coñecéndonos. Descubríndonos.**

Marta Souto González e Lorena Carrasco Joaquín.

18.45 **Didáctica da toponimia.**

Luz Méndez Fernández.

20.30 **Acto de clausura a cargo de Francisco Fernández Rei,
vicesecretario da Academia Galega da Lingua.**